

**BASES REGULADORAS DAS PROBAS DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
ANO 2021.**

A Deputación Provincial da Coruña convoca as “*Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021*” que se van celebrar entre os meses de novembro e decembro de 2021, (ambos inclusive) en 6 concellos-sede, na provincia da Coruña.

As “*Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021*” desenvolverase segundo as seguintes

BASES

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar nas “*Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021*” todos/as os/as atletas, empadroados en calquera concello da provincia da Coruña, que estean en posesión de licenza federativa para a tempada 2021, e que non exista sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

Poderán participar nas seguintes categorías:

CATEGORÍA	IDADE
Sub10	Nados/as en 2013-2012
Sub12	Nados/as en 2011-2010

2.- LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN

As probas terán lugar nos concellos-sede e nas datas seguintes :

Oleiros (INEF Bastiagueiro)	7 Novembro 2021
A Pobra do Caramiñal:	14 Novembro 2021
Riveira:	28 Novembro 2021
Noia:	5 Decembro 2021
Ordes:	19 Decembro 2021
Ferrol:	26 Decembro 2021

Estas datas poderán ser modificadas, previa petición razoada e autorización da Deputación.

3.- INSCRICIÓN, SELECCIÓN E BAIXAS DOS PARTICIPANTES

Inscrición

Poderán inscribirse atletas, empadroados en calquera concello da provincia da Coruña, que estean en posesión de licenza federativa para a tempada 2021, e que non exista sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

Poderán inscribirse atletas independentes ou atletas que representen a un club.

Cada club poderá presentar un número de atletas ilimitado.

Os gastos de inscrición serán de balde.

Presentarán a súa solicitude de participación, a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns anterior a realización da proba.

A listaxe de inscritos/ admitidos será publicada na web da FGA e actualizada diariamente.

A data da celebración de cada proba se publicará na páxina web da Deputacion Provincial da Coruña e na web da FGA.

A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club.

Todos os participantes nestas probas de atletismo, polo simple feito de realizar a inscrición nalgunha carreira que o integra, aceptan todas e cada unha das presentes regras e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da organización das *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”*

Selección

No caso de que as inscricións superen ao número máximo de atletas previsto para cada proba ou serie de probas, a selección dos atletas que formarán parte das carreiras se realizará do seguinte xeito:

Se realizará seguindo a orde de inscrición.

En primeiro lugar se seleccionará polo menos un atleta de cada club para participar en cada categoría/proba/serie a celebrar.

Seguidamente se seleccionaran un atleta independente para participar en cada categoría/proba/serie que se celebre.

Logo desta selección se irán asignando do mesmo xeito novos participantes ata completar o número de atletas que participen en cada e proba e categoría.

En todo caso o número total de participantes poderá variar en función do número que permitan os protocolos COVID-19 no momento da celebración da carreira.

Baixas e penalizacións

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos admitidos ata ás 20:00 horas do mércores anterior a realización da proba.

Calquera baixa non comunicada no prazo indicado ao correo competicion@atletismo.gal, dará lugar á inhabilitación para participar en futuras probas de atletismo en pista convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo. Neste caso o atleta non será penalizado.

Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na xornada sen causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal), inhabilitaráselle para participar en futuras probas de atletismo en pista convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

No caso de non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A, inhabilitaráselle para participar en futuras probas de atletismo en pista convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

4.- DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS PROBAS

Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Unha vez establecido o horario definitivo, en función da participación prevista, publicarase o horario de cámara de chamadas. Será imprescindible que nese momento se entregue a folla de Declaración Responsable.

Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

As carreiras terán unha duración total aproximada dunha xornada, en horario de 10:00h a 14:00h.

En cada serie de carreiras poderán correr 8 atletas e en cada concurso participarán 16 atletas .

As *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”* estarán controladas tecnicamente pola Federación Galega de Atletismo, a través das súas delegacións na Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol; están suxeitas aos regulamentos específicos aprobados para a celebración da carreira e deberán cumprir os requisitos de seguridade e normativa de aplicación aprobada pola Federación respectiva.

Todos os atletas participantes estarán amparados polo seguro federativo.

Haberá unha clasificación final por categorías e por sectores. Outorgándose a cada marca un valor de puntos polas táboas WA e RFEA de menores).

O aforo será controlado e limitado, en función da situación COVID e normativa específica da instalación. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina www.atletismo.gal, á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

5.- PROBAS A REALIZAR

En cada concello, agás Ordes, que non conta con pistas axeitadas para celebrar carreiras, realizaranse as seguintes probas para cada categoría:

Sub10:

- * **Carreiras:** 50 m.:10 series: 5 series para mulleres e 5 para homes.
500 m: 10 series: 5 series para mulleres e 5 para homes.
- * **Salto altura:** 2 concursos: 1 para mulleres e 1 para homes.
- * **Salto lonxitude:** 2 concursos: 1 para mulleres e 1 para homes.
- * **Lanzamento de peso:** 2 probas: 1 para mulleres e 1 para homes.

Sub12:

- * **Carreiras:** 60 m.:10 series: 5 series para mulleres e 5 para homes.
500 m: 11 series: 6 series para mulleres e 5 para homes.
- * **Salto altura:** 2 concursos: 1 para mulleres e 1 para homes.
- * **Salto lonxitude:** 2 concursos: 1 para mulleres e 1 para homes.
- * **Lanzamento de peso:** 2 probas: 1 para mulleres e 1 para homes.

En Ordes se realizarán para cada unha das categorías o mesmo número de probas de salto altura, salto lonxitude, lanzamento de peso.

6.-PREMIOS

Ao finalizar todas as *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”*, os 3 primeiros atletas de cada categoría e proba con máis puntuación, recibirán un trofeo.

Este trofeo se as futuras condicións sanitarias permíteno entregaríase nunha gala a celebrar en febreiro de 2022.

7.- DIFUSIÓN PUBLICITARIA

A Federación Galega de Atletismo comprométese a retransmitir cada unha das probas que formen parte das *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”*, na canle da Federación galega de atletismo no enlace canal de youtube. **“fgatletismo.tv”**

De todas as *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”*, deberá constar na páxina web, ou, de ser o caso na cartelería, o logotipo da Deputación Provincial da Coruña, xunto coa lenda *“Probas de atletismo en pista Deputación da Coruña. Ano 2021”*